



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Maria Soledad Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A través dos medios de comunicación vimos de coñecer que o Tribunal de Contas vén de abrir dilixencias, diante dunha denuncia feita por un particular, para investigar o destino de axudas, recadadas polas federacións provinciais, para paliar os danos ocasionados pola catástrofe ocasionada polo petroleiro Prestige.

A denuncia non deixaría de ser un asunto máis dos que a diario acaban diante dos tribunais e que, despois das dilixencias emprendidas acabará en imputación de delito, ou non, e na súa resolución segundo os procedementos establecidos. Pero neste caso, e a través de declaracións públicas do denunciante, fanse imputacións á Sra. conselleira do Mar moi serias sen que esta desmentise ningún dos extremos denunciados.

En concreto, a través dun xornal de difusión nacional, o denunciante di literalmente: *“Rosa Quintana es conocedora de esa situación y no ha hecho nada aún habiéndole solicitado por escrito que aplicase la legislación que puede intervenir cofradías con irregularidades”*

Tamén figura na denuncia que o denunciante ten presentado diante da Consellería do Mar solicitudes de información e denuncias que, segundo el, nunca foron contestadas.

Parece sorprendente que, á vista das graves acusacións que se fan, dende o Goberno galego non se tomase ningunha medida, ben no sentido de desmentir e denunciar por calumnias a quen fai tales afirmacións, ou ben investigando os feitos denunciados.



Grupo Parlamentario

Diante desta situación, as deputadas e os deputados que asinan, preguntan a Sra. Conselleira do Mar:

1.^a) É coñecedora a Consellería do Mar dos feitos descritos nesta iniciativa?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.^a) Confirma a Consellería do Mar que se teñen presentado, nas súas dependencias, denuncias e solicitudes de información sobre posibles irregularidades na xestión de fondos e donativos entregados ás confrarías galegas para paliar os danos do Prestige?

3.^a) Se é así, que tratamento recibiron e que xestións se teñen feito para confirmalas ou desmentilas?

4.^a) Que accións pensa levar a cabo a Sra. conselleira do Mar diante das acusacións que publicamente se teñen feito contra ela de connivencia coas irregularidades denunciadas?

5.^a) Que accións ten levado a cabo a Consellería do Mar para investigar os feitos denunciados e cales son as súas conclusións sobre destes?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marisol Soneira Tajés na data 10/01/2011 12:14:48



Grupo Parlamentario

María José Caride Estévez na data 10/01/2011 12:14:55

José Manuel Gallego Lomba na data 10/01/2011 12:15:02

.....
Francisco Cerviño González na data 10/01/2011 12:15:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....